

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 15 de xuño de 2006 pola que se desenvolve o Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

O Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, establece o órgano administrativo competente para outorgar as autorizacións reguladas nel, pero garda silencio sobre o órgano competente para acordar a inscrición das actividades suxeitas a este réxime de control administrativo.

Pola súa parte, o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, atribúe a competencia para a tramitación das autorizacións de xestores e produtores de residuos na Subdirección Xeral de Calidade Ambiental, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pero tampouco prevé o órgano competente para acordar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Por iso é de aplicación a previsión contida no parágrafo terceiro do artigo 12 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que establece a quen corresponde a facultade para instruír e resolver os expedientes atribuídos a unha administración, cando non especifica o órgano que debe exercela, neste suposto entenderase que corresponde aos órganos inferiores competentes por razón da materia e do territorio.

A facultade para ditar as disposicións precisas para desenvolver o contido do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, corresponde ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, de acordo coa atribución da súa disposición derradeira. Na súa virtude e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único

1. O órgano competente para coñecer e resolver os procedementos administrativos das actividades de produción e xestión de residuos suxeitos a réxime de notificación no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia é a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible correspondente ao lugar onde se realiza a actividade suxeita a inscrición.

2. No caso de que unha mesma empresa realice a súa actividade en distintas provincias, o órgano competente para coñecer e resolver os procedementos será a delegación provincial onde teña a sede social a empresa notificante. Neste suposto, no caso

de que a sede social da empresa non radica na comunidade autónoma de Galicia, o órgano competente para coñecer e resolver o procedemento será a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor aos vinte días seguintes á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2006.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Orde do 19 de xuño de 2006 pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de programas de educación familiar polas corporacións locais de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos de familia, infancia e mocidade, séndolle atribuídas competencias neste sector á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece, no seu artigo 15 a), como unha medida de prevención de posibles situacións de risco, o apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas técnicas dirixidas a cubrir as necesidades básicas e a mellorar o contorno familiar.

A existencia dunha rede de técnicos en intervención familiar que desenvolven os programas de educación familiar nos concellos galegos ten un carácter estratéxico para as políticas públicas de familia, tanto polo labor de prevención como de orientación e asesoramento que prestan. A Xunta de Galicia, en consecuencia, mediante esta orde de axudas apoia a existencia, mantemento e coordinación desta rede en cooperación cos concellos. Neste contexto, a sinatura entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Xunta do acordo que establece o Pacto Local incidirá directamente na redifinición dos mecanismos para o sostemento desta rede de técnicos, xa que no pacto se recolle a creación dun Consorcio Galego de Servizos de Benestar que, entre outros temas, poderá asumir, en xestión conxunta cos concellos, a execución do programa, pero ata que chegue este momento de establecemento dun